

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 21 DE NOVEMBRO 2013.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D. Alberto Santos Vázquez

Secretario en funcións:

D. Pablo Sánchez Lage

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as vinte horas do día vinteun de novembro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario en funcións D. Pablo Sánchez Lage, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO ÚNICO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA QUE A CORPORACIÓN MUNICIPAL ACORDE INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A MODIFICAR AS BASES QUE REGULAN O PROGRAMA TEMPORAL DE FOMENTO DO EMPREGO E POSTA EN VALOR DO TERRITORIO AO ENTENDER QUE É DISCRIMINATORIO E EXCLUÍNTE COS CONCELLOS E DESEMPREGADOS LUCENSES.

Polo Sr. Alcalde dáse lectura á proposta do epígrafe e que a seguir se transcribe integramente:

“Don José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente

do Concello de Xove:

A actual crise económica provocou que o desemprego se convertese na principal preocupación das cidadáns e, para que esta situación mellore, as administracións públicas deben impulsar iniciativas que, sen exclusión e en base a criterios obxectivos que garantan a igualdade de oportunidades, poidan contribuír a dar solución a esta problemática.

A Deputación de Lugo non parece respectar estes criterios xa que, tras analizar as bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia con data 9 de novembro de 2013; que regulan as axudas e subvencións para concellos de Lugo, de menos de 5.000 habitantes, para o programa temporal de fomento do emprego e posta en valor do territorio e, en concreto, os requisitos que deben cumprir as entidades beneficiarias; extráese que só se poderán sumarse a este plan 24 dos 67 municipios da provincia.

Esta situación que está a provocar unha importante discriminación e unha repulsa dos alcaldes afectados, que rexeitan que se poida discriminar aos parados en función do concello de residencia.

Visto canto antecede esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte ACORDO:

O Pleno da Corporación Municipal insta á Deputación Provincial de Lugo a:

- o Modificar as bases que regulan o Programa Temporal de Fomento do Emprego e posta en Valor do territorio, recollidas no BOP do 9 de novembro de 2013, co obxecto de que*

podan participar todos os concellos da provincia e beneficien ao maior número de persoas desempregadas posibles

- *Incrementar, en cantidade suficiente, o orzamento destinado a este Plan de emprego, de tal xeito que se garanta a igualdade de oportunidades dos desempregados lucenses con independencia do concello no que residan.*

Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Deputación de Lugo e aos Grupos políticos con representación no Pleno da Deputación Provincial.

É canto teño a ben propoñer ó Pleno da Corporación; para sometelo á súa aprobación.”

Aberto o debate, ó Portavoz do Grupo Socialista, D. Alberto Santos Vázquez, cáusalle sorpresa que se pida un pleno extraordinario para este tema, pensando que é ante todo unha moción política, porque a problemática do emprego ven de máis atrás.

Polo Sr. Alcalde sinalase que ó plan da Deputación é sesgado e que o concello de Xove non pode acceder a este Plan, resultando máis que curioso que os concellos que acceden, pertencen o PSOE, e que sendo un plan de emprego provincial deberían poder acceder tódolos concellos da Provincia e non discriminar por ser de un partido ou de outro, que haxa que presentar un proxecto e que se valore con criterios xustos, e non partidistas como pretenden desde o PSOE e á Deputación de Lugo.

Por Secretaría dáse lectura ó escrito de resposta á moción presentado polo Concelleiro do Grupo Municipal Socialista, D. Alberto Santos Vázquez, que se transcribe a continuación:

1 °.- A Xunta non só destrúe emprego, carga contra quen o crea:

A votación proposta hoxe por vostedes é algo insólito: piden que votemos en contra da creación de emprego. A dereita de Feijóo recortou en 238 millóns de Euros os fondos para as políticas activas de emprego dende que entrou na Xunta, e ata un 74% o investimento por galego desempregado. Resultado: Con Feijóo o paro aumentou na provincia en case 7.000 persoas, en Galicia, as cifras de paro baten récords e o desemprego sube por riba da media do Estado e aínda por riba, **vostedes enfádanse cando a Deputación crea emprego**; é a primeira vez que vemos algo así.

Queda claro que ó Partido Popular non lle gusta que fagan outros o que eles non fan, non vaia ser que se demostre que existe unha alternativa á súa xestión, que queden en evidencia:

- Parécelles mal que a Deputación faga plans de emprego
- Parécelles mal que constrúa residencias e centros de día públicos
- Parécelles mal que constrúa o Io centro público de recría de gando de España
- Parécelles mal que faga o Plan de Obras e Servizos...

2°.- O Plan de Emprego da Deputación corrixe o sectarismo da Xunta:

Os representantes do PP, como delegados da Xunta, non so non queren que se corrixa a marxinação do Goberno galego na Provincia, senón que defenden unha dobre marxinação: aqueles ós que a Xunta marxinou, que volvan ser marxinados. O reparto dos obradoiros de emprego deste 2013 demostra esta discriminación: Dos 21 Concellos beneficiados, 19 están gobernados polo PP. A Xunta impón un requisito que fai practicamente imposible que os pequenos concellos poidan acceder ós obradoiros: Ter unha media anual de 500 desempregados.

A pesar de que nas bases, sobre o papel, se prima a agrupación de Concellos, a Xunta rexeitou os proxectos conxuntos presentados por municipios socialistas, mentres aceptou os do PP.

A Xunta tamén incumpre o requisito fixado nas bases de non conceder obradoiros ós municipios que resultasen beneficiarios nos 4 anos anteriores.

3ª.- A Lei obriga a compensar ós concellos con zonas medioambientalmente protexidas:

Vostedes estánnos pedindo que incumpramos a Lei.

A Lei do Patrimonio Natural e da Biodiversidade obriga ás administracións públicas a compensar con recursos económicos públicos a aqueles concellos que contan con zonas medioambientalmente protexidas (con Rede Natura, LIC, Reserva da Biosfera, Monumento Natural...), dadas as limitacións que implican estas figuras para o desenvolvemento de iniciativas económicas. Por exemplo, dende o ano 2010, segundo a Lei Eólica de Galicia, non se poden instalar novos parques eólicos en Rede Natura, o que priva ós Concellos afectados dunha fonte fundamental de ingresos, por licencias, IBI, IAE e o canon eólico que paga a Xunta.

Con este plan de emprego, a Deputación cumpre coas disposicións da Lei do Patrimonio Natural, compensando ós Concellos protexidos medioambientalmente con recursos públicos, algo que non fai a Xunta de Galicia, que fixa a Rede Natura ou o Plan de Recuperación do Oso Pardo, pero non compensa de ningún xeito ós municipios afectados.

4º.- O Proceso para outorgar as axudas e claro, rigoroso e transparente:

O proceso de concorrencia non competitiva para conceder as axudas do plan de emprego non é algo que inventou a Deputación de Lugo: A Xunta de Galicia lévao utilizando dende hai anos para a distribución do grosu dos fondos do canon eólico.

5º.- A Deputación de Lugo leva 6 anos volcada co emprego:

Dende o ano 2007, impulsou ata 10 liñas de creación de emprego para todos os concellos da provincia:

- 1.- O Plan *Lugo Emprega*, que deu traballo a 711 persoas.
- 2.- O Pacto Provincial polo Emprego, que, entre a primeira e a segunda fase, beneficia a case 2.000 desempregados.
- 3.- O plan de emprego *Fórmate en Verde*, no que participan 900 persoas.
- 4.- Un plan de emprego en colaboración coa prestixiosa Escola de Organización Industrial (EOI), que beneficiará a 50 persoas, sobre todo mozos.
- 5.- Vinte becas medioambientais para mozos titulados.
- 6.-Trinta bolsas de emprego en innovación.
- 7.-Cinco becas en artesanía.
- 8.-As becas Leonardo da Vinci, con 140 mozos titulados beneficiados.
- 9.-A través do programa de economía medioambiental *LugO₂* contribuíu a crear 5 empresas, que crearon uns 20 empregos.
10. Achega 350.000 euros anuais para os Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES), que garanten a contratación de 80 traballadores.

Agora ten en marcha un plan de emprego para Concellos de menos de 5.000 habitantes, que dará emprego a uns 80 desempregados durante 15 meses, e en 2014 dispoñerá de 5 millóns máis para un novo plan de emprego.

6º - Presentación dunha emenda:

"Exixir á Xunta de Galicia que incremente os recursos económicos para iniciativas de emprego en tódolos Concellos lucenses, tendo en conta que a Xunta é a administración con competencias na materia, que o paro é o principal problema desta provincia e de todo o país, e que o Goberno galego recorta ano tras ano estes fondos, xusto cando os veciños máis o necesitan. "

Por todo isto: Porque nos piden que votemos en contra da creación de emprego na provincia de Lugo, porque nos piden que se volva a marxinar a Concellos xa marxinaados pola Xunta, porque nos piden que incumpramos a Lei que obriga a compensar ós concellos con zonas medio-

ambientalmente protexidas e porque rexeitan a emenda na que pedimos máis fondos da Xunta para emprego, **VOTAMOS EN CONTRA DA PROPOSTA DO PARTIDO POPULAR.**

De seguido polo Sr. López Hermida do Grupo Municipal do BNG sinalase que este é un espectáculo político con tódolos concellos do PP facendo ista moción á vez para defender o indefendible, e que non se pode falar de bases xustas despois do que fixo o PP na Xunta durante moitos anos, non dubidando da legalidade deste plan de emprego, pero o que sí dubida é da moralidade do mesmo, posiblemente sin correxir defectos anteriores.

O Sr. Alcade responde que no concello de Xove e dende a Xunta de Galicia puidéronse facer varios obradoiros e a día de hoxe hai varios traballadores subvencionados pola Xunta, e que dende a Deputación non se fixo ningún.

Polo Sr. Alcalde faise constar á Corporación que os Concelleiros do Grupo Popular efectuaron unha renuncia expresa a cobra-las dietas de asistencia á presente sesión por solidariedade cos desempregados.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos a favor dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitin Rouco e Quelle Franco, que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, coa abstención dos Sres. López López, López Hermida e co voto en contra do Sr. Santos Vázquez, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita e a remisión do presente acordo ó *Presidente da Deputación de Lugo* e aos *Grupos políticos* con representación no Pleno da Deputación Provincial.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO EN FUNCÍONS,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Pablo Sánchez Lage